



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 21 DE XUÑO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00032732B.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. CONTRATACIÓN. Referencia: CON2022000020

Adxudicación do contrato que ten por obxecto o “Servicio de xestión e desenvolvemento do programa municipal de conciliación de verán 2022” á empresa ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L.

Acórdase:

Primeiro: Adxudicar o contrato que ten por obxecto o “Servicio de xestión e desenvolvemento do programa municipal de conciliación de verán 2022” á empresa ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L., por ser a mellor oferta presentada. Oferta un prezo unitario das actividades 5,90 euros, un prezo unitario de almuerzo 1,52 euros e un prezo unitario comedor 4,24 euros (21% IVE excluído).

Segundo: Comprometer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 080 3260 2269900 SERV. COMPLEM. EDUCACIÓN. OUTROS GASTOS DIVERSO, conforme a seguinte anualidade e importe.

Anualidade 2022: **96.980,85 euros.**

3. CONTRATACIÓN. Referencia: CON2022000004

Aprobación do expediente denominado “Servizo de XERENCIA do PLAN DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO SOSTIBLE de Santiago de Compostela”.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar expediente denominado “Servizo de XERENCIA do PLAN de DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO SOSTIBLE de Santiago de Compostela” e abrir o procedemento aberto de adxudicación mediante tramitación ordinaria, establecéndose un tipo de licitación de: **145.552,93 €** (base imponible de 120.291,68 € máis IVE do 21% de 25.261,25 €).

Segundo.- Aprobar un gasto por importe de 145.552,93 € para financiar este contrato que se imputa á aplicación orzamentaria 070 43200 6400000 (Código de Proxecto: 2020 2 PSTUR 61 1 PLAN DE SOSTIBILIDADE TURISTICA).